



BOP

SÁBADO, 7 DE AGOSTO DE 2021

N.º 180

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data vinte e oito de xullo de dous mil vinte e un, relativa á renuncia ao réxime de dedicación exclusiva do deputado provincial D. Agustín Baamonde Díaz, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2019, referido á aprobación da proposta sobre concesión de dedicacións exclusivas aos membros da Corporación.

Dita proposta recolle, entre outros extremos, a concesión ao Grupo Provincial Popular de tres dedicacións exclusivas e unha parcial segundo consideren.

Tendo en conta que por Resolución desta Presidencia de data 30 de xullo de 2019, resólvese que, entre outros, o Sr. deputado provincial don Agustín Baamonde Díaz, desempeñe o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva.

Tras ver que o Grupo Provincial Popular con data 27 de xullo de 2021, presenta escrito solicitando a renuncia do Sr. deputado provincial don Agustín Baamonde Díaz, presenta a súa renuncia á percepción da dedicación exclusiva outorgada.

Por todo iso, de conformidade co disposto no art. 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, art. 34 e 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e art. 225 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, esta Presidencia, a proposta do Grupo Provincial Popular, **RESOLVE:**

Aceptar a renuncia do Sr. deputado provincial don Agustín Baamonde Díaz, membro do Grupo Provincial Popular, ao desempeño do seu cargo en réxime de dedicación exclusiva, así como a percepción da retribución correspondente, con efectividade do día 31 de xullo de 2021.

Do presente Decreto darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre e, publicarse no Boletín Oficial da Provincia”.

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, 3 de agosto de 2021.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca.- A SECRETARIA, María Esther Álvarez Martínez.

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data trinta de xullo de dous mil vinte e un, relativa á concesión do réxime de dedicación exclusiva ao deputado provincial D. Oscar Poy Franco, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2019, referido á aprobación da proposta sobre concesión de dedicacións exclusivas aos membros da Corporación.

Resultando que dita proposta recolle, entre outros extremos, a concesión ao Grupo Provincial do Partido Popular de tres dedicacións exclusivas e unha parcial segundo consideren.

Resultando que polo Grupo Provincial Popular se presenta proposta con data 30 de xullo de 2021, de asignación dunha dedicación exclusiva a favor do deputado provincial don Óscar Poy Franco, con efectividade do 1 de agosto de 2021.

Por todo iso, de conformidade co disposto no art. 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, arts. 34 e 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e art. 225 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, esta Presidencia, a proposta do Grupo Provincial do Partido Popular, **RESOLVE:**

1º.- Que o deputado provincial don Óscar Poy Franco, pase a desempeñar o seu cargo co réxime de dedicación exclusiva e coa retribución anual de 54.685,40 euros.

2º.- A dedicación exclusiva referida terá efectos do día 1 de agosto de 2021.

Do presente Decreto darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre e publicarse no Boletín Oficial da Provincia".

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, 3 de agosto de 2021.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca.- A SECRETARIA, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2373

CONCELLOS

LOURENZÁ

Anuncio

O Pleno do Concello de Lourenzá na sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio do 2021 acordou aprobar inicialmente a Modificación da ORDENANZA FISCAL NÚM. 26.- REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE).

Dita modificación foi exposta ó publico polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncio no BOP. Núm. 126 de data 05/06/2021, sen que durante dito prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto das ordenanzas que se transcriben a continuación:

Engádese o artigo 4.- BONIFICACIÓNS.

4.1.- Sobre a cota tributaria íntegra establece unha bonificación de ata o 95% da cota tributaria correspondente para os suxeitos pasivos que tributan pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas e empresariais que sexan declaradas de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego estable, poderán obter unha bonificación na cota do imposto.

4.2.- A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación co voto favorable da maioría simple dos seus membros previa solicitude do suxeito pasivo.

4.3.- A bonificación da cota será:

a) Ata un 95% para aqueles que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Lourenzá, sempre e cando cree emprego.

b) Ata un 95% para aqueles que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Lourenzá, sempre e cando implique a creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo.	50%
Creación de 11 a 20 postos de traballo	75%
Creación de máis de 20 postos de traballo	95%

As contratacións deberán ser indefinidas.

As bonificacións aplicaranse durante un máximo de tres períodos impositivos e farase efectiva o día 1 de xaneiro do ano natural seguinte ao da concesión deste beneficio fiscal.

4.4.- O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmovible afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora do emprego.

Non poderá ser beneficiario de bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 da LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

4.5.- A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación co voto favorable d maioría simple dos seus membros previa solicitude do suxeito pasivo. Este beneficio é rogado polo que os suxeitos pasivos deberán aportar a seguinte documentación:

- a) Poder de representación, no seu caso.
- b) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.
- c) Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afectado á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- d) Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, Autonómica, co Concello de Lourenzá e coa Seguridade Social.
- e) Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de emprego do Concello de Lourenzá.

No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licenza o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello, a finalización, achegando certificado de final de obra.

No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio da actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade coa seguinte xustificación documental da xeración do emprego:

- a) Informe de Vida Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
- b) Relación dos traballadores contratados, con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á Seguridade Social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- c) Relación Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
- d) Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
- e) No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

4.6.- Tramitación no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ó inicio da actividade:

4.6.1.-O prazo de presentación da solicitude será de dous meses dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou da obtención do título habilitante para o exercicio da actividade, achegando a seguinte documentación:

- a) Poder de representación, no seu caso.
- b) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas .
- c) Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afectado á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- d) Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, Autonómica, co Concello de Lourenzá e coa Seguridade Social.
- e) Informe de Vida Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
- f) Relación dos traballadores contratados, con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á Seguridade Social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- g) Relación Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
- h) Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
- i) No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

4.7.- O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

4.8.- Respecto aos restantes aspectos da bonificación non previstos neste artigo, estarase ao disposto no Real Decreto 1065/2007 de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das Actuacións de dos Procedementos de Xestión e Inspeccións tributarias e de desenvolvemento das normas comúns de aplicación dos tributos.

Lourenzá, 28 de xullo do 2021.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2321

Anuncio

O Pleno do Concello de Lourenzá na sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio do 2021 acordou aprobar inicialmente a Modificación da ORDENANZA FISCAL NÚM.2.-REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS (ICIO).

Dita modificación foi exposta ó publico polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncio no BOP. Núm. 126 de data 05/06/2021, sen que durante dito prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto das ordenanzas que se transcriben a continuación engadándose o apartado segundo do artigo oito sendo do seguinte tenor:

“ARTIGO 8.2.

Establécese unha bonificación potestativa de ata un 95% para as construcións, instalacións ou obras pola implantación dunha nova empresa que implique o exercicio dunha actividade económica ou empresarial no termo municipal de Lourenzá, sempre e cando implique a creación de emprego ou para construcións, instalacións ou obras por ampliación dunha empresa que xa viñera exercendo unha actividade económica ou empresarial no Concello de Lourenzá, sempre e cando, implicara tamén creación de emprego, regulador no artigo 103,2 letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo.	50%
Creación de 11 a 20 postos de traballo	75%
Creación de máis de 20 postos de traballo	95%

As contratacións deberán ser indefinidas e a tempo completo.

As bonificacións aplicaranse durante un máximo de tres períodos impositivos e farase efectiva o día 1º de xaneiro do ano natural seguinte ao da concesión deste beneficio fiscal.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan o dono da instalación, construción ou obra, con independencia de quen ostente a propiedade do inmovible sobre a que se realiza aquela. Terá a consideración de dono da construción, instalación u obra, quen soporte os custos da súa execución. Para desfrute da bonificación, o dono da construción, instalación ou obra deberá coincidir con que exerza a actividade.

Non poderá ser beneficiario de bonificación o suxeito pasivo que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal por fomento de emprego estable, así como a porcentaxe de bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación co voto favorable da maioría simple dos seus membros previa solicitude do suxeito pasivo. O suxeito pasivo deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Poder de representación, no seu caso.
- b) Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afectado á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- c) Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade de contratación.
- d) Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, Autonómica, co Concello de Lourenzá e coa Seguridade Social.
- e) Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo departamento de emprego do Concello de Lourenzá.

Tramitación no caso de execución de construción, instalación ou obra con carácter previo ao inicio da actividade.

No prazo dun mes, dende o remate da construción, instalación u obra, que respectará o prazo concedido no título habilitante, o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello a finalización, achegando certificado final de obra.

No prazo de dous meses dende a data de vencemento do prazo citado no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude de título habilitante para o exercicio da actividade, coa seguinte xustificación documental da xeración de emprego.

a) Informe de Vida Laboral das contas de cotización do beneficiario da bonificación dende o inicio da actividade.

b) Relación dos traballadores contratados, con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á Seguridade Social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

c) Relación Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

d) Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

e) No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba. Neste suposto, relación dos traballadores indefinidos que se contraten para a substitución dos empregados respecto dos que se extinguirá a relación laboral polos motivos enumerados.

O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

O desfrute da bonificación regulada no artigo 8.2 será incompatible co desfrute simultáneo de calquera outras das previstas nesta ordenanza fiscal.

Lourenzá, 28 de xullo do 2021.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2322

Anuncio

O Pleno do Concello de Lourenzá na sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio do 2021 acordou aprobar inicialmente a Modificación da ORDENANZA FISCAL NÚM.1.-REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Dita modificación foi exposta ó público polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncio no BOP. Núm. 126

de data 05/06/2021, sen que durante dito prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto das ordenanzas que se transcriben a continuación engadíndose o seguinte:

ARTIGO CUARTO.- EXENCIONS E BONIFICACIONES.

Establécese a exención, a favor dos Centros Sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do Imposto sobre Bens Inmobles de conformidade co previsto no artigo 62.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.1.1.-Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ó sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración, así como construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras.

No suposto de que nun mesmo inmovible existan ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias ou gandeiras, aplicaráse unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto.

Corresponderá ó Pleno, a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros, e producirá efectos o un de xaneiro do ano seguinte ao do recoñecemento da bonificación.

Entenderase por actividade agraria:

a) O conxunto de traballos que se requiran para a obtención de produtos agrícolas e gandeiros ou para o mantemento das terras en boas condicións agrarias ou ambientais.

b) A venda directa por parte de agricultores da produción propia sen transformación ou a primeira transformación desta, cuxo produto final estea incluído no Anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea, dentro dos elementos que integran a explotación, en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes.

c) A actividade que implique a xestión ou a dirección e xerencia da explotación agraria. Enténdese por explotación agraria: o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente pola persoa titular no exercicio da actividade agraria, primordialmente con fins de mercado, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica. Enténdese por explotación agraria de titularidade compartida, a unidade económica técnico-económica. Enténdese por explotación agraria de titularidade compartida a unidade económica sen personalidade xurídica que é constituída por un matrimonio ou parella unida por análoga relación de afectividade para a xestión conxunta da explotación agraria.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo e surtirá efecto a partir do período impositivo seguinte ó da resolución da dita solicitude.

4.1.2.-Para poder gozar desta bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

a) Certificado actualizado de inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

b) Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria ou gandeira no inmovible para o que solicita a bonificación así como o Certificado do Ministerio de Facenda no que conste a situación censal do titular da actividade.

c) Acreditación da titularidade catastral do inmovible (dito certificado poderá obterse no Punto de Información Catastral do Concello de Lourenzá).

d) Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda do Estado, da Comunidade Autónoma, nin coa Seguridade Social nin con este concello.

e) Xustificante ou indicación da Resolución ou acordo Xunta Goberno Local deste concello polo que se recoñeceu a preexistencia a 1 de xaneiro do 2003 das construcións, edificacións ou instalacións adicadas a explotacións agrarias, ao abeiro da derogada disposición transitoria 11ª da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do Medio Rural de Galicia.

f) Xustificante ou indicación Resolución ou acordo municipal de concesión de licenza de construción, edificación e instalación destinada a explotacións agrarias.

g) No caso de edificacións, construcións e instalacións que non consten no recoñecemento da explotación, nin contén con licenza, deberá aportarse a acreditación fehaciente, por calquera medio admitido a Dereito, da data de terminación das obras.

Neste caso, o concello verificará que non se pode repoñer a legalidade urbanística e a conformidade do uso coa clasificación do solo que corresponda.

h) No caso de que o titular catastral das construcións, instalacións e obras referidos non se corresponda co titular da explotación que se desenvolva nelas, este deberá aportar ademais da documentación establecida nas letras a) e b) referida ó agricultor que use as edificacións, construcións e instalacións para a súa explotación, e a documentación que acredite a cesión do uso ou alugueiro dos referidos inmovibles.

4.1.3.- O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ó respecto desta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar no concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal.

O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario, por un prazo de dez (10) días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

4.2.1.- Os inmovibles nos que se desenvolvan actividades económicas e empresariais que sexan declaradas de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, poderán obter unha bonificación na cota do imposto.

4.2.2.- A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación co voto favorable da maioría simple dos seus membros previa solicitude do suxeito pasivo.

4.2.3.- A bonificación da cota será:

a) Ata un 95% para aqueles inmovibles que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Lourenzá, sempre e cando cree emprego.

b) Ata un 95% para aqueles inmovibles que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Lourenzá, sempre e cando implique a creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo.	50%
Creación de 11 a 20 postos de traballo	75%
Creación de máis de 20 postos de traballo	95%

As contratacións deberán ser indefinidas.

As bonificacións aplicaranse durante un máximo de tres períodos impositivos e farase efectiva o día 1º de xaneiro do ano natural seguinte ao da concesión deste beneficio fiscal.

4.2.4.- O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmovible afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora do emprego.

Quedan excluídos da bonificación os IBI que recaian sobre bens inmoables arrendados.

Non poderá ser beneficiario de bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 da LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

4.2.5.-A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación co voto favorable da maioría simple dos seus membros previa solicitude do suxeito pasivo.

4.2.6.- Tramitación no caso de execución de construción, instalación ou obra con carácter previo ao inicio da actividade.

O prazo da presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao da obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación u obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade. Para a declaración do especial interese ou utilidade polo Pleno, xunto coa solicitude deberá achegarse xunto a seguinte documentación:

- a) Poder de representación, no seu caso.
- b) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade, no Imposto sobre Actividades Económicas e no I.B.I.
- c) Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afectado á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- d) Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, Autonómica, co Concello de Lourenzá e coa Seguridade Social.
- e) Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de emprego do Concello de Lourenzá.

No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licenza o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello, a finalización, achegando certificado de final de obra.

No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio da actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio a actividade coa seguinte xustificación documental da xeración do emprego:

- a) Informe de Vida Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
- b) Relación dos traballadores contratados, con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á Seguridade Social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- c) Relación Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
- d) Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
- e) No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

4.2.7.- Tramitación no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ó inicio da actividade:

4.2.7.1.-O prazo de presentación da solicitude será de dous meses dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou da obtención do título habilitante para o exercicio da actividade, achegando a seguinte documentación:

- a) Poder de representación, no seu caso.
- b) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e no I.B.I.
- c) Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afectado á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.
- d) Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, Autonómica, co Concello de Lourenzá e coa Seguridade Social.
- e) Informe de Vida Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
- f) Relación dos traballadores contratados, con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á Seguridade Social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- g) Relación Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.
- h) Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.
- i) No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

4.2.8.-O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

4.2.9.-A concesión da bonificación por xeración de emprego xurdirá efectos a partir do exercicio seguinte a aquel no que se conceda e manterase, durante tres exercicios presupostarios.

4.2.10.- Respecto aos restantes aspectos da bonificación non previstos neste artigo, estarase ao disposto no Real Decreto 1065/2007 de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das Actuacións de dos Procedementos de Xestión e Inspeccións tributarias e de desenvolvemento das normas comúns de aplicación dos tributos.

4.2.11.- As solicitudes de bonificación serán resoltas polo órgano competente.

Lourenzá, 28 xullo de 2021.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2323

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Acordada polo Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día trinta de marzo de dous mil vinte e un a modificación da ordenanza fiscal que se relaciona a continuación:

- Número 2.13ª reguladora da taxa polo servizo de axuda a domicilio.

Faise público por prazo de trinta días a efectos de exame e reclamacións, considerándose definitivamente aprobada de non presentarse ningunha en dito prazo.

A Pobra do Brollón, 29 de xullo de 2021.- O alcalde, José Luís Maceda Vilariño.

R. 2324

RIBADEO

Anuncio

Modificación orzamentaria 26/2021, mediante Suplemento de crédito 04/2021.

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 28/07/2021 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 26/2021 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito por importe de 29.100,00 €

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 29 de xullo de 2021.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 2325

SAMOS

Anuncio

En cumprimento do establecido no artigo 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de réxime local, faise público que por resolución de Alcaldía de data 03/08/2021 aprobáronse as **“BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE UN/UNHA TRABALLADOR/A DA OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN TURÍSTICA.”** e ábrese un período de presentación de instancias de cinco (5) días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación do presente Anuncio no B.O.P. de Lugo.

O texto íntegro da citada Resolución de Alcaldía e as Bases poderán consultarse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, no enlace concellosamos.sedelectronica.gal, e no taboleiro de anuncios físico do concello.

En Samos a 3 de agosto de 2021.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 2356

TRABADA

Anuncio

INFORMACION PÚBLICA

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 261/2021 de data 29 de xullo de 2021 o Padrón de vados correspondente ó exercicio de 2021, ponse en coñecemento dos contribuíntes incluídos no mesmo que de conformidade co disposto no artigo 99.8 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín oficial da Provincia, a efecto de exame e reclamacións. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado.

Contra as liquidacións comprendidas nas listaxes de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso administrativo, perante a alcaldía nun prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública.

O presente anuncio de aprobación do padrón ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro.

De conformidade co previsto nos arts 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria fíxase como período voluntario de cobro dende o día 01/09/2021 ata 01/11/2021, ámbolos dous inclusive.

En Trabada, 29 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 2326

VILALBA

Anuncio

Para os efectos do establecido regulamentariamente, faise público que o **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **29/10/2021**, aprobou a imposición do prezo público pola prestación do Servizo de Madrugadores coa regulación de **“ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE MADRUGADORES”**, que se inserta de seguido, con efectos e de aplicación a partir do día seguinte ó da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP de Lugo).

ACORDO REGULADOR PREZO PÚBLICO SERVIZO MADRUGADORES**Artigo 1. Natureza, obxecto e fundamento.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo Madrugadores.

Artigo 2. Obrigados ao pago.

Tendo en conta que as/os usuarias/os do servizo Madrugadores son menores de idade e que, polo tanto, non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei Xeral Tributaria, seus pais, nais, titores/as ou representantes legais.

Artigo 3. Tarifas.

As tarifas a abonar polos/as usuarios/as do servizo son as que se contemplan no seguinte cadro:

CONCEPTO	CONTÍA A PAGAR
Servizo Madrugadores mes	40,00€
Servizo Madrugadores por día solto	6,00€

Artigo 4. Procedemento de pago.

Os prezos regulados devindicaranse no momento en que se inicie a prestación do servizo e farase con carácter mensual, mediante domiciliación bancaria que será xirada nos dez primeiros días do mes seguinte.

A falta de pagamento de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas determinará a interrupción do servizo, o que será notificado ao pai/nai titor/a concedendo 10 días hábiles para a liquidación da débeda pendente.

De non facerse suporá a perda da praza no servizo.

As débedas contraídas esixiranse polo procedemento administrativo de constrinximento, de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.

Cando o servizo público non se preste polo Concello, non procederá a liquidación polos días correspondentes prorrateando polos días lectivos do mes correspondente.

Para o caso da prestación do servizo por días soltos, xirarase o recibo correspondente nos dez primeiros días do mes seguinte polos días solicitados de asistencia ó servizo.

Artigo 5. Infraccións e sancións.

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, será de aplicación a Lei xeral tributaria e a restante normativa de aplicación.

Artigo 6. Entrada en vigor

Este Acordo e tarifas que prevé entrarán en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP.

Vilalba, 30 de xullo de 2021.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2327

Anuncio

O Pleno do Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de xullo do 2021, aprobou o establecemento do Servizo de Madrugadores nos centros educativos de infantil e primaria do Concello de Vilalba, así como a **“Memoria xustificativa deste servizo”**, e inicialmente, o **“Regulamento do Servizo de Madrugadores”**, e mediante o presente anuncio, ambos os dous documentos, sométense a información pública, durante o prazo de **30 días hábiles**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da última publicación (*BOP, sede electrónica ou prensa*), os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que os aprobou, entendéndose definitivamente aprobados no caso de que non se produxesen, sen necesidade dun novo acordo, todo iso, segundo o establecido nos arts. 49, e 85 e seguintes da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local. Aprobado definitivamente o Regulamento, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP, unha vez

que transcorra o prazo de 15 días establecido no art. 65.2 da dita Lei 7/85. Ambos os dous textos estarán a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (<https://vilalba.sedelectronica.es>).

Vilalba, 30 de xullo do 2021.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2328

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 2/2021, subexpediente 1/2021 de crédito extraordinario/ suplemento de créditos.

O Pleno do Concello de Vilalba, en sesión celebrada o día 5 de agosto de 2021, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos 2/2021, subexpediente 1/2021 de crédito extraordinario / suplemento de créditos financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de 1.414.544,07€.

O expediente permanecerá exposto ao público, na oficina da Intervención municipal, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Vilalba, 5 de agosto de 2021.- A Alcaldesa, Elba Mª Veleiro Fernández.

R. 2378

XERMADE

Anuncio

Por Xunta de Goberno Local do 29 de xullo de 2021 aprobouse provisionalmente o padrón do imposto municipal das taxas de subministro de auga potable e recollida de lixo do 2º trimestre do 2021, e queda exposto ó público nas oficinas deste Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no BOP, a efectos de revisión ou reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo non houbera ningunha.

O prazo para o pago do citado imposto en período voluntario fíxase entre os días 2 de agosto de 2021 ata o 30 de setembro de 2021, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor os recursos establecidos legalmente.

As repercusións do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Xermade, 29 de xullo de 2021.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2330

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

Dado que o Concello de **CARBALLEDO (LUGO)** non elixiu xuíz de paz **SUBSTITUTO** para a dita localidade, realízase unha convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos teñan interese en acceder ó devandito cargo dirixan unha instancia á presidenta do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña facendo constar o seguinte:

1º) Nome, apelidos, DNI (fotocopia), idade e enderezo.

2º) Se desenvolveron o cargo de xuíz de paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.

3º) Méritos que estimen oportunos.

4º) Profesión actual.

Todo isto faise público, en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de todos os interesados en solicitar a praza antedita.

A Coruña, 14 de xullo de 2021.- **A SECRETARIA DE GOBERNO**, Concepción Otero Piñeiro.

R. 2241

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **9 de xullo de 2021**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

PALAS DE REI: sustituto: JUAN NÚÑEZ GARCÍA. DNI 33556093J.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 14 de xullo de 2021.- **A SECRETARIA DE GOBERNO**, Concepción Otero Piñeiro.

R. 2242

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **9 de xullo de 2021**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

BEGONTE: sustituta: DONA MARGARITA CAMPOS FERNÁNDEZ. DNI 46345491P.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 14 de xullo de 2021.- **A SECRETARIA DE GOBERNO**, Concepción Otero Piñeiro.

R. 2243